

BASES DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR UN POSTO A MEDIA XORNADA DE ENTERENIDADE POR EXCEDENCIA DE LOCUTOR PARA RADIO ESTRADA

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da convocatoria é a contratación dun locutor/a de Radio mediante contrato a media xornada interinidade por excedencia, cuxa duración estará determinada pola situación de excedencia da persoa titular do posto, para realizar funcións de locutor de magazine, realización de control ou autocontrol e realización de cuñas publicitarias, que cubrirán as tarefas que se viñan desenvolvendo neste posto, así como, as tarefas a maiores, relacionadas co posto de locutor de Radio, que se designen dende a Dirección da emisora municipal.

CONDICIÓNS DA CONTRATACIÓN

Establecerase un período de probas de dous meses.

Os postos rexeranse polo establecido segundo o convenio colectivo de radiodifusión sonora .

A xornada de traballo será a media xornada, de 20 horas efectivas semanais.

A retribución total será a establecida segundo convenio colectivo de radiodifusión sonora.

FUNCÍONS:

Levar a cabo funcións de locutor de magazine, realización de control ou autocontrol e realización de cuñas publicitarias, así como, aquelas outras que se designen dende a Dirección de Radio Estrada, relacionadas co posto de locutor.

SEGUNDA: CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes estarán en disposición de cumprir os seguintes requisitos antes do remate do prazo de presentación de instancias:

- Ter nacionalidade dun Estado membro da UE ou ser estranxeiro/a con residencia legal en España
- Maior de 16 anos.
- Estudos mínimos esixidos: B.U.P. ou F.P.2 ou equivalente.
- Estar en posesión do título de: CELGA 4 ou equivalente.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impide o desempeño das funcións do posto de traballo.
- Non estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Posuír o título exixido ou equivalente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias

TERCEIRA :SELECCION DE ASPIRANTES

A selección dos aspirantes realizarase mediante unha oferta de emprego ó servizo galego de colocación e publicarase na web da Fundación, no taboleiro de anuncios e na páxina de emprego do Concello na que figurará como requisito imprescindible para optar á selección provisional experiencia no posto de locutor de radio.

CUARTA: PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección realizarase mediante oferta de emprego ó servizo galego de colocación da oficina da Estrada, segundo os requisitos establecidos nestas bases.

Os candidatos deberán presentar nas oficinas administrativas da Fundación Cultural A Estrada, sitas na Avda. Benito Vigo(Edificio Usos Múltiples), nº 94 a seguinte documentación:

- Currículo actualizado acompañado dos xustificantes de méritos(diplomas, documentos acreditativos,...) relacionados co posto de traballo a desenvolver.
- Vida Laboral actualizada.
- Certificado médico.
- Certificado de CELGA 4, de non ter o certificado, terán que realizar obrigatoriamente unha

proba específica que demostre tal coñecemento.

- Anexo I
- Anexo II
- Anexo III

O prazo para a presentación de instancias, no rexistro xeral da Fundación Cultural da Estrada Avda Benito Vigo 94 baixo 36680 A Estrada, será de **DEZ (10) DÍAS NATURAIS** contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio na web de emprego do Concello da Estrada, en horario de 8:00 a 15:00 horas de luns a venres.

FASES PUNTUABLES DO PROCESO DE SELECCIÓN

A. Valoración de méritos: formación e experiencia profesional.

Cualificarase en función dos seguintes criterios establecidos a continuación:

- Por cada mes de experiencia en emisoras de radio 0,10 puntos, cun máximo de 2,5 puntos.
- A posesión de titulación académica oficial, superior á esixida, relacionada co posto de traballo 0,5 puntos, cun máximo de 0,5 puntos.
- Cursos de formación, perfeccionamento ou asistencia a seminarios que garden relación directa coas funcións do posto ofertado, cun máximo de 1 punto co seguinte baremo:
 - Por cada curso ou seminario entre 20 e 74 horas 0,05 puntos.
 - Por cada curso ou seminario superior a 75 horas 0,10 puntos.

A puntuación máxima a obter nesta fase é de 4 puntos.

B. Entrevista Persoal

- a. Lugar: Instalacións da Fundación Cultural da Estrada.
- b. Data e Hora: Comunicaráselle ós candidatos mediante publicación na paxina web e taboleiro de anuncios.

A fase de entrevista persoal efectuarase mediante preguntas formuladas pola Comisión de Selección en relación co perfil do candidato e o posto de traballo a desempeñar, sendo a puntuación máxima a obter nesta fase a de 2 puntos.

A Entrevista persoal poderá incluír preguntas de carácter curricular.

C. Caso práctico

- a. Lugar: Instalacións da Fundación Cultural da Estrada.
- b. Hora: O remate das entrevistas persoais.

A Comisión de selección convocará aos/as aspirantes a praza ofertada para a realización dunha proba práctica que poderá ser en estudo, directamente relacionada co traballo a desenvolver. Esta proba valorarase cun máximo de 4 puntos.

QUINTA: COMISION DE SELECCION.

O tribunal cualificador será designado polo órgano da Fundación competente e estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais.

Todos os membros do tribunal deberán ser persoal da fundación que posúan unha titulación igual ou superior á requirida no posto de traballo obxecto da convocatoria.

Para a válida constitución do tribunal, aos efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da metade, polo menos, dos seus membros titulares, e obrigatoriamente do/a presidente/a e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse pola maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

O tribunal resolverá todas as cuestións derivadas da aplicación das bases durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

O tribunal cualificador será competente para resolver e interpretar as incidencias, controversias e reclamacións que se produzan

As decisións da Comisión de Selección adoptaranse por maioría, xa sexan puntuación ou interpretacións. O Presidente terá voto de calidade en caso de empate.

Así mesmo, contra as resolucións e autos ditados pola Comisión de Selección e os seus autos de trámite que impidan continuar o procedemento ou produzan indefensión, poderá interpoñerse recurso ante o Presidente da Fundación Cultural da Estrada.

SEXTA: NORMAS DE XESTIÓN DAS CUALIFICACIONES, PUBLICACION E CONTRATACIÓN

Se ó remate do proceso existira un empate entre dous ou mais aspirantes, a Comisión de Selección poderá efectuar, previo coñecemento dos aspirantes, cantas probas relacionadas co posto de traballo a desempeñar para poder establecer a puntuación final.

As cualificacións publicaranse o mesmo día no que se acorden, expoñéndose no taboleiro de anuncios da Fundación Cultural A Estrada e na dirección de Internet www.fundacioncultural.aestrada.com **abrirá un prazo de reclamacións de 2 días hábiles**, antes de elevar a proposta definitiva . A persoa que consiga a máxima cualificación, no posto de traballo a cubrir, no cómputo total dos diferentes apartados será proposta ó Presidente da Fundación Cultural da Estrada para que faga o nomeamento e se formalice o contrato, quedando seleccionado o seguinte, en cada posto a cubrir, en orde de puntuación a modo de reserva.

A Estrada 8 de outubro do 2025.

O Presidente da Fundación Cultural A Estrada
D. Gonzalo Louzao Dono

ANEXO I- INSTANCIA

NOME E APELIDOS	
NIF/NIE	
ENDEREZO(rúa, numero, piso código postal, localidade e provincia)	
TELEFONO DE CONTACTO	
ENDEREZO ELECTRONICO	

De conformidade coas da convocatoria para cubrir un posto de interenidade por excedencia de locutor de radio.

DECLARO:

- 1º.- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
 2ª.- Solicito ser admitido/a ao referido proceso, e comprométome ao sometemento das bases que o regulan.
 3ª.- Que desexo que o texto dos exames se realice en (marcar cunha X):
 Galego
 Castelán

MARCAR CUN X	DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA
	Copia do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade.
	Copia do carné de conducir.
	No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego.
	Anexo II. Relación de <u>méritos</u> que alega e documentación xustificativa de cada un deles.

De conformidade co disposto no Regulamento Europeo de Protección de Datos, infórmase:

1. Que os seus datos persoais serán tratados única e exclusivamente para este proceso de selección.
2. Que o destinatario dos seus datos persoais é o Fundación Cultural da Estrada.
3. Que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Fundación Cultural da Estrada.
4. Que o responsable do tratamento é o Fundación Cultural da Estrada.

A Estrada, de de 2025



De conformidade coas Bases da convocatoria para cubrir un posto de interenidade por excedencia de locutor de radio, achego a relación de méritos para a súa valoración na fase de concurso.

NOME E APELIDOS	
NIF/NIE	

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN:[illegible]

SR. PRESIDENTE DA FUNDACION CULTURAL A ESTRADA

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN MOTIVOS DE INCOMPATIBILIDADE

NOME E APELIDOS	
NIF/NIE	
ENDEREZO(rúa, numero, piso código postal, localidade e provincia)	
TELEFONO DE CONTACTO	
ENDEREZO ELECTRONICO	

De conformidade coas Bases da convocatoria para cubrir un posto de interenidade por excedencia de locutor de radio.

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

A Estrada,de.....2025

Asdo: